
PLAN DE ACTUACIÓN 2022

Fundación de apoio a persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías asociadas.



FUNDACIÓN ASPACE CORUÑA

Casteliño,24. 15160. Osedo-Sada.
Tlf: 981 610 312 / 981610275
fundaspacecoruna@gmail.com

PRESENTACIÓN DA ENTIDADE

A Fundación ASPACE Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída ante notario o 24 de xullo de 2012, que ten como finalidade a protección das persoas con discapacidade, sendo a primeira en Galicia especializada na curatela de persoas con parálise cerebral e patoloxías asociadas.

A Fundación foi impulsada pola Asemblea Xeral de Socios/as da Asociación ASPACE Coruña, ante a inxerencia de moitas familias respecto ó futuro dos seus fillos e fillas e a inexistencia en Galicia dunha entidade tutelar específica para persoas con parálise cerebral.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación da Fundación abrangue toda a comunidade autónoma e os seus servizos centrándose na protección xurídica e civil das persoas asignadas xudicialmente e o asesoramento a familias sobre o procedemento de provisión de medidas xudiciais de apoio.

A sede social da fundación está en Casteliño, 24 Osedo-15160 Sada (A Coruña) e o seu CIF é: G-70338074.

PADROADO

O Padroado da Fundación está formado polos seguintes membros:

Presidente: D. Eulogio López Río

Vicepresidente: D. Jacinto Sánchez Peñasco

Secretaria: Dna. Ángeles Rouco Monterroso

Vogais: Dna. M^a Carmen Barreiro Santos (Presidenta Asociación ASPACE Coruña)

D. Oscar Benito Portela Fernández (Alcaldía de Sada)

D. Andrés Cancela Ramírez de Arellano

FINS E ACTIVIDADES FUNDACIONAIS

A Fundación recolle nos seus estatutos a consecución dos seguintes fins:

- ✓ Procurar a integración das persoas apoiadas no seu propio medio social.
- ✓ Proporcionar a atención persoal da propia persoa apoiada, velando polo seu coidado, rehabilitación e recuperación, facilitándolle os recursos dispoñibles.
- ✓ Orientar e asesorar ás persoas que exerzan funcións de asistencia ou representación.
- ✓ Promover a sensibilización social para fomentar o respecto dos dereitos das persoas con discapacidade e a súa maior e mellor integración e normalización na sociedade.
- ✓ Promover a integración familiar da persoa apoiada, dentro das condicións que garantan a súa estabilidade, custodia e atención de todo tipo.

Para acadar estes fins, promoveráanse as seguintes actuacións:

- ✓ Velar polo benestar individual, familiar e social das persoas apoiadas, así como pola protección do seu patrimonio.
- ✓ Poñer en coñecemento do Ministerio Fiscal a existencia dunha posible causa de desprotección, para que se adopte o sistema de apoios axeitado.
- ✓ Comunicar ó Ministerio Fiscal ou órgano xudicial competente os feitos que puidesen dar lugar a causas de inhabilitación ou remoción de curadores.
- ✓ Asesorar e acompañar ós pais e nais coa patria potestade prorrogada ou rehabilitada e aqueles familiares ou profesionais que exerzan funcións asistenciais ou representativas, a través de citas individuais, accións formativas, divulgativas ou de sensibilización.
- ✓ Coordinar as actividades da fundación coas doutras entidades que realicen actuacións análogas ou complementarias.

ACTIVIDADES FUNDACIONAIS PREVISTAS PARA O ANO 2022

1. As actividades previstas para o ano 2022 son as seguintes:

- Mantemento do servizo de información e asesoramento sobre medidas de protección para persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías asociadas.
- Mantemento do servizo de planificación de apoios (pretutela) como alternativa para aquelas familias que poidan precisar este recurso nun futuro.
- Colaboración coa Asociación ASPACE Coruña para impulsar e afianzar a actividade fundacional.
- Exercer a curatela das persoas encomendadas por sentenza xudicial.
- Difusión e mantemento do servizo especializado de asesoría xurídica dirixido ás familias e persoas apoiadas.
- Establecer plans de apoio individualizado a cada persona curatelada

2. Recursos humanos:

A entidade conta cunha traballadora social con contrato indefinido. O servizo xurídico e de xestión son externos á entidade. Prevese a contratación dunha auxiliar de xestión administrativa e unha técnica de coidados para reforzar o apoio das persoas representadas no seu día a día.

3. Beneficiarios do proxecto:

Persoas con parálise cerebral e patoloxías afíns e as súas familias.

4. Recursos económicos previstos:

Para levar a cabo esta actividade, solicitaráanse as correspondentes axudas e subvencións convocadas por entidades públicas e privadas. Como entidade sen ánimo de lucro, a Fundación non obterá ningún beneficio económico desta actividade.

SUBVENCIONES E AXUDAS SOLICITADAS PARA O ANO 2022

- ✓ Subvención da Deputación da Coruña para o mantemento de servizos e programas de servizos sociais.
Importe: 19.723,07 € anuais.
- ✓ Subvención da Deputación da Coruña para o investimento de servizos e programas de servizos sociais.
Importe: 1.547,64€
- ✓ Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas.
Importe: 31.397,78 €
- ✓ Convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.
Importe: 15.000€ anuais.
- ✓ Convenio de colaboración co Concello de Sada.
Importe: 1.000€ anuais.
- ✓ Convenio de colaboración Asociación ASPACE Coruña
Importe: 7.200€ anuais

En Sada, a 11 de marzo de 2022